

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A CONFRARÍA SANTIAGO APÓSTOL DE BARALLOBRE PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE RESTAURACIÓN DE HÁBITATS E ZONAS DE PRODUCCIÓN MARISQUEIRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou coa Confraría Santiago Apóstol de Barallobre o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Confraría Santiago Apóstol de Barallobre para elaborar un plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.

Os obxectivos específicos a acadar con dita proposta son os seguintes:

1. Programación de traballos de conservación, mantemento ou mellora

1.1. Acondicionamento e/ou emenda do substrato: Remoción e acondicionamento de substrato mecanizada; emprego de tractor con grade remolcada e arado para permitir aireación e descompactación do sedimento; en zonas con cobertura de auga as tarefas realizaranse cunha embarcación e arado remolcado.

1.2. Control de depredadores/competidores: Durante oito días consecutivos por zona calaranse dende embarcación nasas de polbo e nécora-camarón. Revisaranse diariamente para extraer os exemplares de especies como cangrexos, etc que se trasladarán fóra da ría a puntos seleccionados para tal fin.

1.3. Control de exóticas: procedemento de retirada de exemplares de especies exóticas invasoras no intermareal dos bancos marisqueiros. A actuación farase manualmente mediante o uso de picos e rasquetas. Eliminación mediante trituración mecánica, tratamento diferenciado de vianda e valvas e valorización comercial para rexeneración.



1.4. Retirada de restos orgánicos e inorgánicos: retirada manual de acumulación de algas en zonas sensibles para evitar procesos de anoxia. Utilizarase para o traslado un vehículo anfíbio con remolque. En terra, as algas serán recollidas con carretilla elevadora para o depósito nun remolque até o seu destino final.

1.5. Rareos e traslados : Traslado de exemplares en talla non comercial de zonas de libre marisqueo a zonas de autorización en vehículo isoterma.

1.6. Tarefas en sistemas de preengorde en zonas acotadas: Sistema de Lanternas e Pochóns.

1.7. Sementeira: Primeiro faise un protocolo de acondicionamento previo do terreo con uso de tractor con apeiros específicos; posteriormente a sementeira farase de forma manual polo sector de a pé.

1.8. Creación de zonas de protección para a mellora no recrutamento: O proxecto inclúe unha liña de actuación experimental destinada a restauración e optimización do ecosistema mediante achega controlada e distribución estratéxica de pedra graníticas.

1.9. Outros: Instalación de 10 dispositivos CT para o acceso a datos precisos e continuos de temperatura e salinidade é unha forma de garantir a viabilidade económica dos bancos marisqueiros a longo prazo.

2. Accións de control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros.

2.1. Vixilancia: Guardia e vixilancia das zonas de marisqueo. Quendas de 4 horas diarias e 4 persoas.

2.2. Participación nas mostraxes e seguimento: Banco e superficie para a execución da tarefa; autorización praias de Maniños e Barallobre e Libre Marisqueo (San Valentín ata Ribeiro do Coto – NNE da desembocadura do Río Beelle).

2.3. Outros: Precísase a instalación de cámaras e monitor de control no tractor. Dado que o asento non é xiratorio este sistema é esencial para supervisar o traballo.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

– O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 2021-2027: "Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños". Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a "fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos", desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e ambientalmente sustentables, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

No artigo 14 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139 establécese que o apoio no marco desa prioridade 1 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 do Regulamento (UE) 1380/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopa o de contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

– Os proxectos aprobados financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

– O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 8 de xuño do 2026, autorizou a tramitación do convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Confraría de Santiago Apóstol de Barallobre para o desenvolvemento do Plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.

– O convenio asinouse o día 12 de xuño do 2026.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70% – Programa para España FEMPA 21-27 CCI 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – O.E. 1.6 – T.A. 1.6.1 – T.I. 6]
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

